



## FICHA RESUME

PE 403A 2008/ 17-5

<b>Ano</b>	2009
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE VILANOVA DE AROUSA
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE NAVALLA, LONGUEIRÓN E LONGUEIRÓN VELLO.
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	LIBRE MARISQUEO
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MERGULLO EN APNEA

<b>Especies</b>	Navalla ( <i>E.arcuatus</i> ), longueirón ( <i>E.siliqua</i> ) e longueirón vello ( <i>S.marginatus</i> )
<b>Ambito do plan</b>	As Sinas e As Carballas
<b>Subzonas de explotación</b>	Área 1: As Sinas Área 2: As Carballas

## Participantes no plan de explotación

<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
		10 mergulladores
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

## Calendario de explotación

<b>Días máximos de extracción</b>	60 días										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>	De xaneiro a abril e de agosto a novembro, cunha veda para a navalla nos meses de febreiro e marzo e para o longueirón nos meses de maio e xuño.										
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>:</b>	mergullo en apnea										
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X				X	X	X	X	

<b>Especies</b>	<b>Embarcación/día</b>	<b>kg/mergullador/día*</b>
Navalla		10
Longueirón		10
Longueirón vello		10

\*o tope de captura establécese para o conxunto das especies.

<b>Artes a empregar</b>	Mergullo en apnea
-------------------------	-------------------

<b>Puntos de control</b>	Zona de traballo, lonxa de Vilanova
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Vilanova

<b>Accións a realizar<sup>(7)</sup></b>	<b>Épocas probables<sup>(8)</sup></b>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improditivas</b>												
<b>Zonas:</b>	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D



<b>Extracción semente para resembrar</b>														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
<b>Sementeiras</b>														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
<b>Traslados</b>														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
<b>Rareos</b>														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
<b>Limpezas e arados</b>														
Zonas:														

**Consideracións:**

Este plan preséntase por primeira vez para o ano 2009, polo que á vista da avaliación presentada e para unha mellor aproximación a explotación comezará con 10 mergulladores e as embarcacións que correspondan. En función da evolución da campaña, da ampliación das zonas de traballo (previa avaliación técnica) e do nivel de organización do colectivo podería valorarse unha ampliación no número de participantes (mergulladores ou embarcacións).

A selección como participantes de 10 mergulladores e as embarcacións que correspondan, realizarase aplicando o baremo establecido na **Resolución de 9 de outubro de 2007 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se modifica o baremo aplicable para o acceso á explotación dos recursos específicos.**

A explotación realizarase con técnicas de mergullo, polo que **o outorgamento da modalidade de navalla e longueirón no permiso de explotación das embarcacións require de que os tripulantes teñan a titulación axeitada.**

A delegada territorial, mediante resolución e previa petición da entidade, abrirá o prazo de presentación de solicitudes para ter acceso á explotación de navalla con técnicas de mergullo, e **será requisito imprescindible que as embarcacións que participen no proceso selectivo teñan enrolados alomenos dous mergulladores** dado que o plan de explotación presentado non contempla a xustificación da excepción do apartado 1.2º dos criterios xerais do anexo II.

As prazas iranse cubrindo en función do número de mergulladores que teñan enrolados as embarcacións seleccionadas. Se as prazas que restan por asignar son menos que o número de tripulantes da embarcación á que lle correspondan por orde de selección, só se lles outorgarán o número de habilitacións que reste por asignar, sempre que se poda conceder o número mínimo de 2 mergulladores; en caso contrario poderán quedar vacantes.

Lembramos que o apartado 1.2º dos criterios xerais indica que como regra xeral, non se admitirá ningunha nova embarcación que teña un só tripulante (habilitado) e que este criterio poderá



excepcionarse cando por motivos xustificados e debidamente motivados no plan de explotación o solicite a entidade interesada. En data 12.11.2008 a confraría foi informada do contido do apartado, non presentando motivos que xustifiquen e motiven a excepción prevista no baremo no marco do plan de explotación.

A explotación realizarase de xeito rotatorio entre As Sinas e As Carballas de xeito que só se traballará nunha das zonas e os datos de extracción subministrados permitirán coñecer a produción de cada unha delas.

O número máximo de días autorizados será de 60 para a explotación de navalla. No caso do longueirón e longueirón vello o límite de extracción sitúase en 700 kg/especie.

A zona de traballo é común coa explotación doutros recursos por sectores da mesma entidade, polo que o colectivo de mergulladores debe planificar un calendario de traballo que non interfira co marisqueo a flote e que respecte as zonas de marisqueo a pé.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente á Delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior. Os datos a aportar serán: data de venda, zona de traballo, identificación do barco, nº de mergulladores, cantidade extraída (de navalla, longueirón e longueirón vello), cantidade vendida, prezo, valor total.

Con respecto á actividade de mergullo o informe de data 24.11.2008 é favorable para autorizar a realización das inmersións necesarias par a execución do plan, sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente.

Recomendacións para a mellora do plan:

- Detallar a organización do punto de control.

---

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...,  
(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo  
(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire  
(4): Indicar en negrita o que corresponda  
(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...  
(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....  
(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos  
(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente  
(9): Este apartado corresponderalle cubriilo á administración

---